

# O CIRCO

Charles Chaplin, 1928

# 960

ESTREA EN NUMAX: 02.07.2022 | V.O.S.E. | TP | 72 min.

Charlot namora da filla do dono dun circo ambulante no que de maneira accidental comeza a traballar o vagabuno. Ela, á súa vez, devece por un esvelto trapecita. Último filme silente de Charles Chaplin.

« 'O Circo' está repleto de momentos memorables, algúns dos cales están entre os maiores logros cómicos de Chaplin»

Jessica Kiang, VARIETY

**Máis información e entradas en**



## Un collar de perlas encadeadas

Por Christian Blauvelt

O filme que pecha a boca a todo aquel que sosteña que os filmes de Charles Chaplin non son cinematográficos, é unha grande elexión ao mundo perdido do music-hall, a pantomima e a comedia silente. A que é sen dúbida a obra máis infravalorada da etapa muda de Chaplin, *O circo*, rematou a súa produción tres días despois da estrea d'*O cantor de Jazz* (Alan Crosland, 1927), considerado o primeiro filme sonoro da historia do cinema. Porén, e aínda que estaba escrito que os días dos pallasos mudos estaban contados, nada hai n'*O circo* de autocompaixón ou sensibilería. Isto impresiona se temos en conta que o circo en mans doutros cineastas como Cecil B. DeMille ou Federico Fellini habería de convertese nun calculado exercicio de manipulación emocional.

Pola contra, *O circo* é a máis distante das longas de Chaplin, cun retrato existencial do vagabundo que remata o filme nunha situación moi similar á que comezou. Nalgunhas secuencias, como a da persecución na atracción da Arca de Noé onde Chaplin simula ser un monicreque mecánico golpeado por unha porra cada pouco segundos, recorda o mellor Buster Keaton. Trátase dunha clara homenaxe aos seus filmes de gags de un ou dous rolos que carecen dunha trama convencional. Desta maneira *O circo* pode considerarse como un collar de perlas encadeadas que se van sumando, como unha bola de neve que está a piques de saír voando pola pantalla.

O filme contén algunhas das maiores secuencias xamais filmadas polo xenial cineasta británico. A primeira delas é a célebre escena na gaiola do león. Na segunda, aínda máis abraiante, Charlot tenta impresionar a filla do dono do circo substituíndo o trapeceista nun perigoso número na corda frouxa. Charlot chega a un acordo cun empregado do circo para estar sempre asegurado pero, ao pouco de comezar, o arnés desátase e, por se fora pouco, un grupo de monos salvaxes agatuñan e soben onda el. Para chegar a esta marabillosa escena de ballet aéreo foron precisas máis de 700 tomas, e nótase. A secuencia, construída tanto no set de rodaxe como na sala de montaxe, é de tal perfección que non sobra nin un segundo de metraxe.

Porén, unha vez o vagabundo é consciente da súa xenialidade e tenta ser deliberadamente divertido, non o é. O número de Guillermo Tell que antes non fallaba, xa non fai graza e aquí opérase un paralelismo coa propia linguaxe do cinema e as mutacións que había de experimentar en poucos anos. Agora Chaplin é un pallaso pasado de moda ao estilo da comedia dell'arte. Os gags que o público dos anos 20 apreciaba eran de natureza máis visual como a alucinante secuencia do salón de espellos que había citar Orson Welles n'*A dama de Shanghai* (1947). A figura do vagabundo tal e como a universalizara Charlot non tiña sentido lonxe dos códigos do cinema mudo e artistas como Chaplin, grandes dramaturgos radiofónicos ou animadores manuais, atopáronse sen medio de expresión no apoxeo da súa arte. De feito, aínda que Chaplin continuou a traballar aparentemente sen son posteriormente, os elementos do deseño sonoro son cruciais en obras como *Luces da cidade* (1931) ou *Tempos modernos* (1936), aínda que só fora para constatar a súa consciente renuncia ao diálogo falado. Unha vez máis, as palabras n'*O circo* non tiñan importancia.